

DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Santa Comba 25 de novembro de 2024

Alumnado 6º Ed. Primaria

Moitas mulleres sofren de violencia de xénero. É algo que pasa moito (por desgraza) en non é visible en moitos casos, noutros nin sequera chega a saberse.

Por que? Pois, unha das razóns é porque consideran que si denuncian ninguén lles vai crer.

É como todas esas cousas que dicimos e non se fai nada. É moi fácil dicir “ non á contaminación”, “non ao machismo”, Pero o que dicimos facilmente, facémolo?

Pedimos, pedimos, pedimos. Pero quen fai algo? Por que non respectamos e apoiamos ás vítimas?

Non calemos, digamos a verdade, fagámolas visibles e deixemos de ocultalas na sombras. Saquemos a verdade á luz e que deixen de ser fantasmas para a humanidade.

Aínda que existan leis que prohiben a violencia de xénero segue habendo quen cre que isto non é importante. Ademais a través de redes sociais seguen provocando que os pensamentos machistas sigan en aumento.

A xente debería respectarse, entre homes e mulleres por igual, e para que isto suceda non debería haber medo a enfrontarse, medo a loitas polos dereitos das mulleres e crelas cando se atreven a denunciar.

Pedide axuda, confiade en que vós non sodes o problema. E todos nós comprometernos a apoiar as persoas que sofren, buscando a xustiza. Afrontade que tendes algo que facer: Denuncia!!

Por todo isto queremos deixarvos unhas reflexións feitas por todas nós que axuden a erradicar esa visión machista e discriminatoria que produce tanta dor.

O 25 de novembro é un día de reivindicación e conmemoración no que todas as persoas debemos reafirmarnos no compromiso ante a erradicación da violencia machista e asumir a nosa responsabilidade neste feito.

Queremos un mundo libre de violencia e de abusos reclamando a responsabilidade de institucións, organismos e persoas no respecto á dignidade das persoas independentemente do seu sexo.

Defendemos que as mulleres non teñen ningún límite por ser mulleres, sendo libres de actuar, vestir, traballar e vivir de acordo aos seus intereses e gustos. Ninguén pode poñerlle trabas ás súas ilusións.

Dende a nosa pequena colaboración queremos facer campaña no noso entorno para que ás persoas que sofren este tipo de violencia se sintan apoiadas e acompañadas; así tamén, para que todas as persoas se conciencien que temos que acabar para sempre co maltrato á muller, co machismo, a violencia, e polo tanto non teñamos que volver a celebrar esta data.

Por todo isto, unímonos hoxe para erradicar para sempre coa dor, o sufrimento, o maltrato, as diferencias machistas, o medo, a incompreensión e a violencia.

Moitas grazas.